



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE

MAIO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e sete de maio de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 6, 13 e 20 de maio de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 6, 13 e 20 de maio de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia

- Orde do 10 de maio de 2013, da Consellería do Medio Rural e do Mar, pola que se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, axudas aos concellos de Galicia para o apoio á extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio desas funcións. (Diario Oficial de Galicia número 95, de data do día 21 de maio de 2013).

- Orde do 13 de maio de 2013, da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas que transcorran or un ou varios termos municipais na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do marco do programa operativo Feder Galicia

2007-2013, e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 97, de data do día 23 de maio de 2013).

- Orde de 8 de maio de 2013, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (Diario Oficial de Galicia número 98, de data do día 24 de maio de 2013).

- Orde do 15 de maio de 2013, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (Diario Oficial de Galicia número 99, de data do día 27 de maio de 2013).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o vindeiro sábado día 1 de xuño no pavillón polideportivo "Sofía Toro Prieto Puga", de Cambre, de 10,00 a 14,00 horas terá lugar o pase de grados dos judokas do Club Judo de Cambre.

A continuación, informa que se iniciaron os trámites para contratar o servizo de socorrismo e mantemento da piscina dos Castros do Bosque.

Seguidamente, informa que os programas de xuventude se desenvolven segundo o previsto, a salvo do curso de iniciación de surf, do que non se cubriron as prazas porque coincidía cos exames de finaris de curso e cambiouse a actividade para o segundo fin de semana do mes de setembro.

O día 3 de xuño de 2013 difundirase a axenda do verán 2013 en relación coas actividades de educación, cultura, xuventude e deportes.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que están a realizar o pechamento no campo de fútbol da Balastreira, para separar a zona onde se practica o tiro con arco do parque infantil e evitar, así, posibles incidencias.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa da polémica xurdida nas festas da Barcala pola aplicación da ordenanza fiscal de venda ambulante vixente. Sinala que con esta incidencia se puxo de manifesto que é necesario modificar esta ordenanza e eximir aos vendedores ambulantes que exercen a súa actividade nas festas populares do pago da taxa pero, mentres esta ordenanza fiscal non se modifica, resulta de plena aplicación, e así se fixo nas festas da Barcala.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que recepcionarán a Casa da Cultura a mediados da semana e prevese que se fará unha xornada de portas abertas a partir do día 5.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa, respecto dos pasos de peóns, que solicitou orzamentos para indicalos mediante sinais luminosas. Xa ten as avaliacións de hai case dous anos, pero quere actualizar esta información. Engade que conta que llos presenten esta semana.

Tamén informa que están continuando coa pintada dos pasos de peóns, cando o tempo o permite.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que dentro da programación "arredor do día das letras galegas 2013" terá lugar o acto de fin da programación. Será o vindeiro día 31 de maio no salón de actos do IES "David Buján", en Sigrás, coa entrega de premios do XX Certame literario de poesía e narración breve 2013.

A continuación, informa que o pasado sábado se presentaron dez bandas interesadas en participar como abreconcertos no vindeiro festival Rock in Cambre.

Seguidamente, informa que o sábado, día 25, ás 21 horas no centro sociocultural do Graxal, actuou o grupo Fas-que-Fas, da Fundación Wenceslao Fernández Flórez interpretando a obra "Mesa para dous". Engade que asistiron preto de cincuenta persoas e este acto se inclúe tamén dentro da programación "arredor do día das letras galegas 2013".

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro venres, día 7 de xuño, se inaugurará a exposición da ceramista Luisa Ramos. Será na sala de exposicións da biblioteca pública central de Cambre, ás 20 horas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que se está a rematar a tramitación para poñer en funcionamento o banco de libros nos centros educativos. Xa realizaron coas ANPAS todas as actuacións a levar a cabo.

O sábado día 25 asistiu á comida de maiores organizada polo Concello de Arteixo, á cal asistiu un grupo de Cambre e foi para acompañalos.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que mediante resolución do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 20 do mes que andamos se adjudicou o contrato para a execución da obra "Construción dunha nova instalación para o servizo de Protección Civil de Cambre" cofinanciada pola excma. Deputación provincial da Coruña á entidade Proyecta Actividades Profesionales de la Construcción, S.L., no prezo ofertado de 239.626,16 euros (IVE incluído). Engade que se asinou o contrato con data do día 21 de maio de 2013.

A seguir, informa que se publicou no día de hoxe no xornal "Ideal Gallego" o anuncio respecto da roza dos camiños municipais.

Finalmente, o señor alcalde informa que se incoou o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adjudicar o servizo consistente na organización e desenvolvemento de campamentos urbanos nos períodos vacacionais de verán e nadal para o ano 2013.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Marta Rivas Caridad

A secretaria

Verónica María Otero López